



BARCIA LAGO, Modesto (2022): *Pólis y “leyes no escritas” en la tragedia Antígona de Sófocles*. Barcelona: Bosch Editor, 529 pp.

Sen dúbida ningunha, os estudos sofocleos vense prestixiados con esta magna e excepcional obra de Modesto Barcia Lago. É versión da súa Tese Doutoral que, avaliada coa máxima cualificación académica, defendeu o nove de setembro de 2022 na Facultade de Filoloxía da Universidade Complutense de Madrid baixo a rúbrica *Pólis y “leyes no escritas”*. *Claves iusfilosóficas de la tragedia Antígona de Sófocles*. Como o noso autor recoñece en “Nota preliminar” (pp.17-20), este drama seduciuno desde o inicio da súa carreira xurídica (xa nos tempos “del encuentro con la venerable asignatura de Derecho Natural”, p.17), nacendo así un desacougo que se foi nutrindo intelectualmente con múltiples lecturas e reflexións e, de aí, motivando un desacordo coa interpretación dominante acerca da obra, madurado progresivamente cos traballos e os días do exercicio profesional como xurista (letrado de foro e, nas responsabilidades directivas, Decano do Ilustre Colexio de Avogados de Pontevedra); e igualmente coa experiencia da súa andaina política e co saber e erudición atanguidos dos seus estudos e titulacións académicas.

Certamente, tal reduccionismo hermenéutico de dita esexese, por simplificadora e idealista, omitía “la riqueza de la trama de sutiles matices” (p.18) e, asemade, desprezaba o valor do ordenamento xurídico-positivo utilizando sectariamente “la figura de la heroína trágica como adalid moderna de las más diversas causas disidentes, pervirtiendo y mistificando su auténtica significación” (ibídem).

Así que, a partir dunha lectura propia e senlleira e co desacougo explicitado, vanse conformando, con publicacións previas acerca dalgunhas cuestións que aquí se retoman e analizan (*El Ceñidor de la Amazona. Ideología de Género y Ciudadanía Postpatriarcal. Antiquae Lectiones*. J.C. González, Pontevedra, 2012; ou *Género y ciudadanía. Un debate*

actual iluminado por las estrellas de la noche griega. Deputación de Pontevedra, 2014) a tese e, logo, esta suculenta monografía cun declarado propósito de chegar a unha certa comprensión do texto (“intelección cabal de esta tragedia en sí misma”, p. 20). Dito doutro xeito, amosando unha pretensión audaz e libre de establecer diálogo crítico co acervo esexético, “nace así este libro intentando comprenderla -a obra- en clave hermenéutica desde los parámetros de su propia composición, en la perspectiva heterodoxa de los espacios iusfilosófico-políticos a que apunta aquella invocación de las «leyes no escritas e inmovibles de los dioses» en el ámbito de la *pólis* y del sentido que, en la lógica del mundo dramatizado, adquiere el trágico remolino que arrastra a los protagonistas a su destrucción” (ibídem).

Con esta orientación, o ensaio bríndanos, en vinte capítulos, de maneira moi meditada e congruente, certamente chea de interese, unha orixinal e fundamentada lectura que arrequece os ámbitos da filosofía, da historia do dereito, da ciencia política, mesmo, obviamente, da filoloxía *lato sensu*. Unha simple enumeración de tales capítulos coa indicación das páxinas recolle con clara elocuencia a entidade e importancia dos aspectos tratados:

- Capítulo 1: “Un paradigma de la disidencia civil” (21-51).
- Capítulo 2: “Ecos de la tragedia *Antígona* en el mundo hispano e iberoamericano” (53-66).
- Capítulo 3: “Confrontación de *nómoi*” (67-71).
- Capítulo 4: “Arquetipo de femineidad” (73-95).
- Capítulo 5: “Contexto mítico de la leyenda labdácida” (97-127).
- Capítulo 6: “El Edicto de Creonte” (129-162).
- Capítulo 7: “Realidad histórico-literaria de la pena de privación de sepultura” (163-203).
- Capítulo 8: “Rebeldía de Antígona: ¿acción sediciosa o deber de piedad?” (205-212).

- Capítulo 9: “Las leyes no escritas de Antígona” (213-243).
- Capítulo 10: “Reverberaciones iusfilosóficas de la cisura de Antígona” (245-263).
- Capítulo 11: “Lo que dicen los nombres” (265-282).
- Capítulo 12: “Los dos entierros de Polinices” (283-295).
- Capítulo 13: “Las leyes de Antígona y el *géno*s” (295-311).
- Capítulo 14: “El retorno de Antígona a la sintaxis del yo” (313-333).
- Capítulo 15: “Impureza de origen y redención” (335-245).
- Capítulo 16: “Temor y temblor. Culpa y castigo de Creonte” (347-396).
- Capítulo 17: “El error de Creonte” (397-424).
- Capítulo 18: “*Despotés Nómo*s” (425-433).
- Capítulo 19: “El *ius non scriptum* y la democracia ateniense” (435-457).
- Capítulo 20: “La cisura de Antígona y el Derecho Natural” (459-485).

Obsérvase sen esforzo, e resulta isto revelador da omnicompreñión do drama, como os encabezamentos enunciados nos serven de cartografía temático-contextual, que, á vez, nos seus correspondentes desenvolvementos nos ilustran con moito pormenor sobre o coñecemento que o autor ten da bibliografía máis pertinente e actualizada. En diálogo crítico con ela, a erudición e habilidade discursiva de Barcia son un aliciente gorentoso para compartir a andaina da lectura. Este *imán*, xunto ás capacidades persuasivas e lóxicas das argumentacións que o ensaio loce, non se reduce so á materia tratada, ás cuestións da *operis res*, senón tamén da conceptualización e *verba* dos asuntos analizados. A meticulosidade nas análises de toda a maquinaria tráxica e de cadansúa peza saltan á vista. O resultado, merecente de eloxio, é o dominio da materia e unha escrita moi idónea, un xeito de constatación práctica do célebre lema atribuído a Catón o Vello: *rem tene, verba sequentur*.

Lémbrese, *grosso modo*, que *Antígona* sitúanos na postremeira fase da saga de Edipo, do seu pai Laio, e, en última instancia, da estirpe labdácida. Desenvólvese ante o palacio real de Tebas, no que vivía ata había ben pouco o propio Edipo, previamente a que emprenda, cego, o exilio. En Colono, lugar natal do propio Sófocles, morre. Ademais sabemos que Iocasta, nai e esposa de Edipo, suicidouse alí, no palacio mencionado. E logo os seus fillos

Eteocles e Polinices, xunto ás murallas de Tebas, mátanse, o primeiro defendendo a cidade e o segundo, en disputando o trono, atacándoa aliado cos arxivos. Da liña filial da familia só quedan vivas Antígona e Ismene, a irmá menor. Todo isto, nun contexto político marcado polo novo rei, Creonte, irmán de Iocasta, e o seu fillo Hemón. É Creonte, como gobernante, quen promulga un bando (*kérygma*) que anuncia a prohibición de enterrar o cadáver de Polinices, por traidor. Antígona desacátao. A partir de aquí, desta transgresión, móvese todo en remuíño imparábel. Estes personaxes vivos que interveñen na traxedia, máis os defuntos tamén actuantes e determinantes na proxección e intensidade dramática, e os restantes (coro-corifeo, garda, Tiresias, Eurídice, mensaxeiros) son quen, nos diferentes e cruzados niveis de interconexión, relacións, caracterizacións, perspectivas e resultado, de nos prenderen con esta composición complexa un lume que nos fai -e desfai- humanos (“tes ardendo o corazón en asuntos que xean”, di Ismene á súa irmá, v. 88). A nós, abofé, interpélanos fundamente, dado o seu calibre. É esta cerna inquiridora, este palpitar constante e cheo de *páthos*, o que leva a desbordar, sen deixalos de ter en conta como marco referencial e explicativo concreto, os estritos lindes históricos nos que se ideou e representou a obra, é dicir, a Atenas de Pericles, o emblemático século V a.n.e. E de aí devén a permanencia do clásico. No pensamento de varios autores, *verbi gratia* Nuccio Ordine, citado por Barcia, un clásico é sempre contemporáneo. Fala de nós, como observaba Ortega. E tal certidume, que dá cobertura para unha concesión de lexitimidade a tantas relecturas, reescrituras, visións e tratamentos do drama, ampara *per se* as “constantes” predominantes de conflito consubstanciais ao ser humano, que o noso autor enumera (p.36) a partir do establecido por Steiner no seu percorrido polas súas *Antígonas*: o enfrontamento entre homes e mulleres; entre a senectude e a xuventude; entre a sociedade e o individuo; entre os vivos e os mortos; entre os humanos e Deus (ou divindades).

Porén, unha aplicación errada ou interesada, por factores varios, do carácter “aberto” e tan modelicamente clásico que a unha obra do teor da de Sófocles lle é propio distorsiona, embaza, trabuca a dimensión “real” da mesma. E é aquí onde esta obra motivo de recensión nos achega moi sagaces reflexións, cun valor non só hermenéutico, mais tamén metodolóxico no que ten a ver coa “compreñión en si” do

texto. Recoñece Barcia: “Pero aquí nos interesa comprender en sí misma, en su meollo esencial, el significado iusfilosófico-político del enfrentamiento de las posiciones de Antígona y de Creonte, el sentido de su «contraposición irreconciliable» (recollendo unha expresión de A. Lesky), en la obra del gran dramaturgo ateniense; no lo que en ella, o inspirados en ella y muchas veces a pesar de ella, buscan y excavan para sus propios fines, no siempre genuinos ni intelectualmente refrescantes, sus imitadores, glosadores y comentaristas desde hace veinticinco siglos” (p.37). Esta tarefa de reinstalación na agudeza orixinal, segundo quería H. Meier, fainos conscientes dos sesgos de diversa índole, prexuízos e desviacionismos que alimentan as esexeses dominantes. En termos invocados de E. Lledó, Barcia apunta que “la interpretación exacta de un texto supone, en primer lugar, el atenerse a la resonancia significativa que el original posee. Si esa resonancia significativa se pierde, el texto desaparece ante nuestra vista (...) Es lo que viene ocurriendo con la tragedia *Antígona*, interpretaciones y reescrituras inspiradas en el texto sofócleo deforman las *dramatis personae* de esta tragedia y sus motivos y condicionantes en el contexto ateniense del s. V a.C.” (p.38) como derivación dos axustes ideolóxicos do seu *páthos* aos intereses autorais. É esta unha posición, polo tanto, ben formulada e artellada, *de facto*, unha sorte de axioma co se vai envolvendo o relato do noso autor que se ve avalado, ademais de polo raciocinio que se exhibe en fondo e forma, por contrastábeis *auctoritates* no campo dos estudos literarios, das que traio a colación, a xeito de mostra, e *mutatis mutandis*, as significativas e, para o caso, apropiadas verbas de Fernando Lázaro Carreter pronunciadas en contestación ao “Discurso” de ingreso na RAE de Francisco Rico o 4 de xuño de 1987: “Es aquí, en esta hermenéutica primaria y fundamental, que se propone averiguar lo que el texto dice, todo lo que dice, y nada más que lo que dice, pero también lo que oculta, donde Francisco Rico (*vel* Modesto Barcia, digo eu) se manifiesta singular. Hoy pululan doctrinas interpretativas que hacen recaer la responsabilidad del significado en el lector, y que descartan por imposible la averiguación, no sólo de la *intentio auctoris*, esto es, de lo que el autor quiso decir en su obra, sino también de la *intentio operis*, y niegan que sea posible el acceso al significado de la obra misma, si es que alguno tiene fuera de la intención de quien la lee. Se desentienden así del empeño que el filólogo (aquí, o filósofo, o xurista) puso

siempre en introducirse en la época del texto, en su entorno literario e histórico, y hasta en la mente del poeta, narrador o dramaturgo, para descubrir sus designios artísticos y la significación de su escritura. Y sustituyen ese esfuerzo por interpretaciones personales, por lecturas individuales, que desplacentan (*sic*) la obra de su matriz temporal y la traen a la más rabiosa actualidad, o, lo que es lo mismo, a un libre y, muchas veces, inconsistente albedrío. No cabe negar licitud a esa actividad -toda osadía del intelecto que no sea simplemente estúpida la tiene-, pero debe coexistir subordinadamente con una Filología reconstructiva, empeñada en recuperar el pasado como tal pasado...” (*vid.* rae.es). Así que, con esta perspectiva, e recorrendo a voces solventes como Ph. Holt, afirmase que a de Sófocles é unha “obra fácil para que los modernos, incluso los modernos clasicistas, se equivoquen” (p.47) e, por mor diso, nótrese a ortodoxia de considerar, por exemplo, a personaxe que dá nome ao título do drama modelo de disidencia/resistencia política ou de obxección de conciencia, nun exercicio absolutamente cuestionábel, por arbitrario e anacrónico, ao transferir conceptualizacións e pautas, e as súas connotacións subseguintes, ás coordenadas daquela Grecia.

Guiado por estes criterios vai debullando os problemas e situacións tratados, nun labor detallado e crítico á hora de arrostrar lecturas inaptas ou estereotipos inservíbeis. Véxase, por citarmos algunha mostra, o esclarecedor exame feito sobre as dúas concepcións de *nómos*, a da *pólis*, asumida por Creonte, e as “leis non escritas”, aducidas por Antígona, cuxa aparente contradición é produto da incompreensión moderna da obra, “por realizarse desde criterios iusfilosóficos y políticos actuales”, incapaces de dar conta do ambiente ético ateniense da quinta centuria, e por sucumbir á “ironía” que Sófocles tende nun determinado nivel de lectura, o do *lógos eusébeias* que “supuestamente mueve la acción de Antígona, dejando que las auténticas claves explicativas de su obra operen silentes por debajo del relato de los acontecimientos, ocultas, o parapetadas, en la brillantez subyugante de la acción dramática” (p.68); unha perspectiva de análise que se vai desenvolvendo e completando por parte de Barcia con varios prismas ao longo da obra en diálogo coa bibliografía máis proveitosa (M. Bonazzi, G. Cerri, E. Stolfi, E. Bloch etc.). Neste marco trátanse acaidamente temas como o radical desafío público da “actio nefas” dunha Antígona tutelada polas ancestrais Erinias,

en relación á *ataphía* de Polinices recollida no edicto de Creonte, ou a correspondente carga de reacción propia dos vellos principios do *génos* aristocrático, da súa lexislación oral, contra a *isonomía* e os valores que, como a *frónesis* e cordura, son alicerces da orde civil da *pólis* democrática, agora baixo a constelación de *Dikē*.

Proceder semellante opera con respecto ás fantasiosas ou nesgadas esexeses formuladas desde ópticas “de xénero” ao xeito dunha “gigantomaquia antipatriarcal” (p.77). Neste nivel de explicación, resultan dignos de resalte a reivindicación ou espertar literario da figura de Ismene (p.90) como “heroína velada” do drama (p.356).

O mesmo interese emanan as consideracións semánticas sobre a onomástica dos personaxes (cap. 11), as suxestivas reflexións sobre as respectivas e confluentes “hýbreis” de Antígona e Creonte, “seres dolientes” en expresión de A. Guzmán Guerra; a “soidade” (“isolamento”, en palabras de María Helena da Rocha Pereira, trazo esencial dos caracteres sofocleos) que identifica na “gramática solipsista de Edipo” a reclamación do *génos* labdáida estigmatizado *ab origine* e a asunción do papel de *ápolis* na personaxe que dá título á traxedia: fartura de asuntos, estes e outros moitos, que aparecen optima e elegantemente fiados, minuciosamente conectados, con coherencia a partir dos propósitos explicitados inicialmente polo autor e co mérito de partida dun evidenciado e pleno coñecemento da traxedia clásica e dos seus representantes (Esquilo, o noso Sófocles, Eurípides), do ciclo tebano, do *miasma* da estirpe labdáida, *conditio sine qua non* para ler con propiedade e tino a obra e enmarcar con fortuna as achegas.

Deixemos, tamén, anotadas as referencias ás recreacións (“ecos”, cap. 2) que, desde a nosa literatura, Barcia recolle e, na liña interpretativa sinalada *supra*, comenta: o *Creón...* *Creón* de Rodríguez Pampín, a *Traxicomedia do Vento de Tebas namorado dunha Forza* de M. Lourenzo, a *Antígona, a forza do sangue* de María Xosé Queizán.

En fin, do moito e bo deste ensaio salientamos, por dar dalgún modo remate a esta recensión, a mensaxe recollida no seu derradeiro capítulo, unha sabia lección dunha obra que continúa a interpelarnos: “De ahí que la *Antígona* de Sófocles plantee *in nuce* los desarrollos que habrá de recorrer la Filosofía del Derecho occidental, lastrada por lo que cabría denominar la «cisura de Antígona» (...) de ahí que la dramática autodestrucción de los personajes de la tragedia (...) sea una alegoría de los riesgos que acechaban a la democracia ateniense (...) La respuesta de Sófocles es contundente: nunca el rencor puede ser cimiento de la paz y sólo la virtud de la *frónesis*, la prudencia, la templanza, en el ejercicio del arte político guiado por el espíritu de respeto y justicia hacia todos, puede hacer que el diseño abstracto de la ley rinda sus beneficios a la convivencia”. Ou, recollendo literalmente as palabras concluíntes do corifeo en tradución que, xa en 1976, fixera F. Martínez Marzoa en edicións Castrelos: “Da benfianza o pirmeiro éche ben o siso; e tocante ós deuses compre non leixar ren; as verbas grandeiras, da xente con sobra de arruallo, ó teren por pago os grandes golpes, ensinan, co tornarse ún vello, a ter siso”.

Máis se podería sinalar deste libro de Modesto Barcia, en pulcra edición (só con contadas grallas para emendar, *peccata minuta*). Non menor é o feito de que dispoñamos nel de máis de mil notas a pé de páxina que convidan a novas reflexións, amplían o sostido no texto ou suxiren outras perspectivas. Non menor é a dimensión actualizadora de gran mapa bibliográfico (case seiscentas referencias de autores e obras) sobre as materias tocadas. E, ademais, case douscentos títulos de fontes antigas usadas. Verdadeira e definitivamente estamos ante un estudo ineludíbel para a lectura e a consulta dos que sentimos paixón por Sófocles e a súa obra, neste caso, *Antígona*.

Xosé Abilleira Sanmartín
IES de Soutomaior
xabilleira@edu.xunta.gal